

# **MEMORIA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**2008**

## **I) INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES**

Os Estatutos da Universidade da Coruña, establecen nos seus artigos 91 e 92 que a relación de postos de traballo (en diante RPT) revisarase e aprobarase preceptivamente cada dous anos, por proposta da Xerencia, tras a negociación co órgano de representación sindical, neste caso a Xunta de Persoal ao tratarse da RPT do persoal funcionario.

O 29 de agosto de 2005 publicouse no DOG a anterior RPT que recollía tanto o cadro de persoal laboral así como o de persoal funcionario.

O marco básico das actuacións modificadoras da RPT de 2005 é o Plan Estratéxico da Universidade da Coruña 2005-2010, así como a súa Programación Plurianual 2009-2010 aprobada polo Claustro da UDC o 28 de outubro de 2008.

Conscientes do déficit que en materia de persoal respecto do número de estudantes ten a UDC en relación coa media das universidades españolas, cifrado no entorno do 25%, pero sabedores de que, co actual sistema de financiamento, non se pode eliminar tal déficit nun período curto de tempo sen producir un efecto perverso a nivel financeiro, as bases inspiradoras da nova RPT asumen plenamente as magnitudes previstas no documento director desta Universidade para o período 2005-2010.

A nivel operativo, en marzo de 2008 comezaron os traballo por parte da Xerencia para a elaboración desta RPT, coa visita a todos os decanos e directores dos centros da Universidade da Coruña, co obxecto de recoller as distintas solicitudes, propostas e suxestións de mellora e actualización da RPT de 2005.

A Xerencia, unha vez realizado este labor e como responsable do proceso, analizou as devanditas solicitudes poñéndooas en relación cunha serie de índices obxectivos que permitiran obter unha serie de ratios que facilitasen a toma de decisións. Deste xeito tivéronse en conta:

- Número de alumnos de cada centro
- Número de titulacións
- Validacións
- Número de documentos contables elaborados
- Proxectos e convenios xestionados
- Fondo e préstamos da biblioteca

Deste xeito elaborouse unha proposta, que se presentou á Mesa de Traballo encargada de negociar o proxecto de RPT, en abril de 2008. Esta Mesa de

Traballo constituíuse de xeito paritario pola Xunta de Persoal, o Comité de Empresa e a Xerencia.

No mes de xullo de 2008 os representantes do Comité de Empresa acordan non continuar con este traballo, xa que estando previstas eleccións sindicais no colectivo do PAS laboral para o mes de outubro, entenden que se debe facer cargo deste traballo e negociación o novo Comité de Empresa, polo que a Mesa acorda continuar os traballos no que afecta ao PAS funcionario e aprobar unha RPT que lles afecte unicamente a este colectivo.

No mes de novembro rematan os traballos e sométese o proxecto a informe da Xunta de Persoal que o informa favorablemente por unanimidade o día 19 de novembro de 2008.

## **II) OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS BÁSICAS**

Esta RPT ten como obxectivos e actuacións básicas :

1.- Dotar á Universidade do persoal necesario para dar resposta ás esixencias funcionais que neste momento se demandan, especialmente pola adecuación ao Espazo Europeo de Educación Superior, o que se materializa en:

- a) Reforzamento na área académica coa creación de postos de xefe de Negociado de Asuntos Académicos, medida que se adopta con carácter de “experiencia piloto”, e que se aplica en tres centros (Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Informática e Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais), que ben pola súa complexidade, ben polo número de alumnos/titulacións se consideran especialmente sensibles á nova situación no que á xestión académica respecta.
- b) Na RPT de 2005, incidíuse na potenciación e reforzamento do Servizo de Biblioteca como eixe básico da metodoloxía que promove o Espazo Europeo de Ensinanza Superior; nesta RPT, coa creación de prazas tanto en centros como nos servizos centrais continuase con esta medida, despois de estudar a carga de traballo das bibliotecas de centro, refórzanse de forma selectiva algunhas delas con novos postos de bibliotecarios e auxiliares técnicos.
- c) Reforzamento do Servizo de Investigación, que se creou na RPT de 2005, reforzamento imprescindible, considerando o importante incremento da actividade investigadora o que xera, por conseguinte, maior xestión administrativa no ámbito da investigación. Por outra banda as institucións que fundamentalmente financian esta actividade, Xunta de Galicia e Ministerio de Ciencia e Innovación, incrementaron nos últimos tempos a esixencia de comprobación documental o que redunda nunha maior carga de traballo. Así mesmo, deuse un notable aumento no número de contratos de traballo que se fan con cargo a proxectos e convenios de investigación, xestión que realiza este Servizo.
- d) Durante a vixencia desta RPT, producírase a unificación nun só centro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e a Escola de Estudos

Empresariais, xa que na actualidade xa se deu o acordo polas respectivas Xuntas de Facultade/Escola.

Esta situación afecta directamente ao persoal destinado nestes dous centros, polo que será necesaria a redistribución de efectivos, habida conta que na actualidade existen 2 administradores/as de centro, 2 xefes/as de negociado e 2 secretarios/as de dirección. Polo tanto estableceranse uns criterios que se aplicaran en diante con carácter xeral, cando haxa que mover efectivos dunha unidade a outra.

Para este caso concreto indícase que se deixa sen crear o posto de Administrador na Facultade de Ciencias da Comunicación en previsión de que un dos dous administradores anteditos pasará a ocuparse deste centro, circunstancia que requirirá unha modificación puntual desta RPT.

No caso dos xefes/as de negociado, tendo en conta que existen varios postos de xefe/a de negociado de nova creación no campus da Coruña, a redistribución de efectivos farase a calquera destes novos postos, atendendo aos criterios xerais.

No caso das secretarias de dirección, ao non haber ningún posto das mesmas ou similares características vacante nin de nova creación, nesta modificación puntual da RPT declararase a extinguir un deles, atendendo así mesmo aos criterios xerais.

Esta situación non afecta a ningún outro posto de traballo, xa que o novo centro manterá ao resto do persoal funcionario na súa totalidade.

e) Creación do posto de Administrador de centros e servizos externos, praza que nace para dar solución á xestión de centros da Universidade que, ao non ser Facultades/Escolas non contan con un responsable orgánico asignado. Esta praza está tamén previsto que exerza funcións de control de empresas externas que prestan servizos ou mantementos na Universidade.

2) Aumento da eficacia e a eficiencia na administración xeral da universidade por medio das seguintes medidas:

a) Creación da Unidade Administrativa de Ferrol, que aglutina nunha única dependencia ás diversas unidades administrativas que contaban na RPT de 2005 cun único posto de traballo. A finalidade desta medida e a optimización de recursos. O persoal desta Unidade Administrativa, terá dependencia orgánica da Vicexerencia de Ferrol e funcional das Vicerreitorías de Estudantes e Relacións Internacionais, Organización Académica, e Secretaría Xeral e dela dependen os postos que se concretan no Táboa nº.1.

Táboa nº 1

<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA DE FERROL</b>	
<b>NUM. POSTO RPT 2005 / 2008</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>
F014 / F144	POSTO BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS
F029 / F143	POSTO BASE
F118 / F145	XEFE DE NEGOCIADO. ATENCIÓN AO ESTUDANTE
F121 / F146	POSTO BASE
F129 / F147	POSTO BASE
F270 / F148	POSTO BASE
F284 / F141	XEFE DE NEGOCIADO. ASUNTOS XERAIS CAMPUS DE FERROL
F285 / F142	POSTO BASE

b) Coa mesma finalidade que busca a creación da Unidade Administrativa de Ferrol, e mantendo as diferentes dependencias funcionais, agrúpanse nunha mesma unidade de xestión o CUFIE, dependente da Vicereitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, e o Centro de Linguas, dependente da Vicereitoría de Estudantes e Relacións Internacionais. Esta unidade de xestión, tal como acordou o Consello de Dirección da Universidade tamén dará apoio administrativo á Aula de Informática da UDC (AFI) .

c) Na RPT de 2005 dótese a todos os departamentos e institutos universitarios da Universidade cun secretario administrativo. O novo modelo de Universidade esixe definir esta figura como de apoio administrativo ao persoal docente e investigador de cada departamento/instituto, entendendo que este apoio administrativo ten que ser tanto no que respecta á faceta docente como á investigadora, e debe abranguer así mesmo á area económica que delas se deriven.

d) Coa intención de continuar co reforzamento, que se iniciou na RPT de 2005, naqueles centros onde se identifica un maior volume de xestión económica derivada da presenza de gran número de proxectos de investigación, contratos, convenios, etc, óptase pola creación de novos postos base para prestar apoio específico ao negociado de asuntos económicos.

e) O persoal da Unidade de Estudos de Posgrao e da Universidade Sénior, aínda que continúan prestando servizos nestas unidades administrativas, intégranse no Servizo de Organización Académica.

3) A readaptación formal das novas dependencias orgánicas derivadas da actual estrutura de vicerreitorías existente. Deste xeito cambian de dependencia orgánica e funcional :

- A Oficina de Relación Internacionais, que se integra no Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.

### **III) CRITERIOS XERAIS SOBRE OS POSTOS DE TRABAJO**

1. Consérvanse as denominacións e características que figuraban na RPT de 2005, coas seguintes excepcións:

- Creación do posto de xefe de negociado de asuntos académicos
- Creación do posto de administrador de centros e servizos externos, dependente da Xerencia, e máis concretamente na Vicexerencia do campus da Coruña

2. Na RPT de 2005 indicouse que para dar cumprimento ao artigo 99.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña que establecen que os niveis dos postos de traballo non poderán ser inferiores a outros iguais ou similares da Comunidade Autónoma ou doutras administracións facíanse avances substanciais no cumprimento deste precepto.

Esta RPT, dentro do marco establecido polo Plan Estratégico da UDC e na Programación Plurianual 2009-2010, continúa coa medida iniciada no 2005 e da cumprimento ao mandato estatutario recollendo a adaptación do complemento de destino en postos determinados (Administradores, Directores de Biblioteca, Xefes de Negociado, Secretarios, Secretarios de dirección, Secretarios de departamento e instituto) para equiparalos á situación de postos similares nas outras universidades do Sistema Universitario de Galicia, dentro do marco dunha coherencia diferencial entre postos.

3. Respecto do complemento específico adáptase en relación coas medidas de coherencia do punto anterior, realizando unha adaptación racional e progresiva destes.

Na táboa nº.2 móstranse os postos de traballo cos niveis e cos complementos específicos. Aclárase que os devanditos niveis e complementos, unha vez actualizados co previsto na Lei estatal de orzamentos e nos correspondentes acordos salariais, aplicaranse a partires do 1 de xaneiro de 2009 e permaneceran vixentes ata o 1 de xullo de 2010, data na que se aplicaran os previstos na táboa nº 3, coas mesmas actualizacións.

<b>POSTO</b>	<b>NIVEL</b>	<b>COMPLEMENTO ESPECÍFICO MENSUAL</b>	<b>TIPO</b>	<b>PROVISIÓN</b>	<b>GRUPO</b>
ADMINISTRADOR/A	25	736,73	S	C	ABC
POSTO BASE	16	420,62	N	C	CD
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	435,91			
BIBLIOTECARIO/A	21	471,61	N	C	AB
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	25	736,73	S	C	AB
LETRADO/A ASESOR	29	1.353,68	S	LD	A
POSTO BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS	16	435,91	N	C	CD
SECRETARIO/A	21	471,61	S	LD	BC
SECRETARIO/ ADMINISTRATIVO	18	410,43	N	C	CD
SECRETARIO/ DE DECANATO	19	430,81	S	C	CD
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	19	430,81	S	C	CD
SECRETARIO/ DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	18	430,81	N	C	CD
SERCRETARIO/ DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL	22	593,97	S	LD	BC
SECRETARIO/A DO REITOR	22	593,97	S	LD	BC
TECNICO/A DE ARQUIVO	21	471,61	N	C	AB
VICEXERENTE	28	1.395,85	S	LD	AB
XEFE/A DE NEGOCIADO	21	471,61	S	C	BC
XEFE/A DE SECCIÓN	25	843,81	S	C	ABC
XEFE/A DE SERVIZO	28	1.170,11	S	C	AB

**Táboa nº 3**

POSTO	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO MENSUAL	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO
ADMINISTRADOR/A	25	818,32	S	C	ABC
POSTO BASE	16	420,62	N	C	CD
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	451,21			
BIBLIOTECARIO/A	21	532,79	N	C	AB
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	25	818,32	S	C	AB
LETRADO/A ASESOR	29	1.491,32	S	LD	A
POSTO BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS	16	451,21	N	C	CD
SECRETARIO/A	21	532,79	S	LD	BC
SECRETARIO/ ADMINISTRATIVO	18	430,81	N	C	CD
SECRETARIO/ DE DECANATO	19	451,21	S	C	CD
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	19	451,21	S	C	CD
SECRETARIO/ DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	18	451,21	N	C	CD
SERCRETARIO/ DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL	22	593,97	S	LD	BC
SECRETARIO/A DO REITOR	22	593,97	S	LD	BC
TECNICO/A DE ARQUIVO	21	532,79	N	C	AB
VICEXERENTE	28	1.660,00	S	LD	AB
XEFE/A DE NEGOCIADO	21	532,79	S	C	BC
XEFE/A DE SECCIÓN	25	920,28	S	C	ABC
XEFE/A DE SERVIZO	28	1.307,80	S	C	AB

4. Mantense a libre designación como fórmula de acceso aos seguintes postos: vicexerentes, letrado asesor, xefe de sección de protocolo, secretario do reitor, secretario do presidente do consello social, secretarios de vicerreitores, do secretario xeral e do xerente e persoal da secretaría do reitor.

#### 5. Postos de Persoal Eventual

É persoal eventual o que en virtude de libre nomeamento do reitor e con carácter non permanente ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou de asesoramento especial non reservado a funcionarios.

A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerado como mérito para o acceso á condición de funcionarios, de persoal interino ou laboral nin tampouco para a promoción interna. O persoal eventual cesará automaticamente cando cese a autoridade, para o caso da UDC, o reitor/, ao que lle presta a súa función de confianza ou asesoramento.

Na RPT de 2008, ao igual que na de 2005, figuran dous postos cualificables de Persoal Eventual que son os seguintes:

- Xefe de Prensa: retribucións brutas anuais totais: 40.187,30 € (non se inclúe seguridade social).
- Xefe do Gabinete do Reitor: retribucións brutas anuais totais: 40.187,30 € (non se inclúe seguridade social).

## **IV) DEPENDENCIAS FUNCIONAIS DO POSTOS**

A Relación de Postos de Traballo do PAS establece a estrutura organizativa a través da adscrición dos postos a unidades que dependen funcionalmente do reitor, vicerreitores, secretario xeral, xerencia, direccións de centro, departamentos, etc.

A seguinte relación mostra no seu primeiro nivel de quen dependen funcionalmente os postos de administración e servizos adscritos a cada unidade organizativa que figura no segundo nivel

- ❖ Reitoría
  - Gabinete Técnico
  
- ❖ Secretaría Xeral
  - Oficina de Apoio
  - Asesoría Xurídica
  - Sección de Protocolo
  - Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo
  
- ❖ Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
  - Servizo de Informática e Comunicacions
  - Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
  
- ❖ Vicerreitoría de Estratéxica e Planificación Económica
  
- ❖ Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais
  - Servizo de Estudantes
  - Oficina de Relacións Internacionais (ORI)
  
- ❖ Vicerreitoría de Cultura e Comunicación
  - Gabinete de Comunicación e Medios Audiovisuais
  - Sección de Extensión Universitaria
  - Servizo de Publicacións
  
- ❖ Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade Empresa
  - Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación (OTRI)
  - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
  
- ❖ Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
  - Servizo de Arquitectura Urbanismo e Equipamentos
  
- ❖ Vicerreitoría de Investigación
  - Servizo de Investigación
  - Servizo de Biblioteca Universitaria
  - Biblioteca do Campus de Esteiro<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> A Biblioteca de Esteiro presta servizo simultáneo aos seguintes centros: Facultade de Humanidades, Escola Universitaria de Deseño Industrial, Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía e á Escola Universitaria de Relacións Laborais



- ❖ Vicerreitoría de Organización Académica
  - Servizo de Organización Académica
  
- ❖ Vicerreitoría de Profesorado
  - Servizo de Persoal Docente e Investigador
  
- ❖ Xerencia
  - Vicexerencia Campus da Coruña
  - Vicexerencia Campus de Ferrol
  - Servizo de Xestión Financeira
  - Servizo de Intervención
  - Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
  - Servizo de Persoal de Administración e Servizos
  - Servizo de Prevención de Riscos Laborais
  - Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica
  
- ❖ Valedor Universitario
  
  
- ❖ Escola Técnica Superior de Arquitectura
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
  - Administración
  - Biblioteca
  
  
- ❖ Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Facultade de Ciencias
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Facultade de Ciencias da Educación
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Facultade de Ciencias da Saúde
  - Administración
  - Biblioteca<sup>2</sup>
  
- ❖ Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
  - Administración
  - Biblioteca<sup>3</sup>

---

<sup>2</sup> Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias da Saúde e Escola Universitaria de Fisioterapia. Consonte o escrito de 15 de xaneiro de 1999 da reitoría da UDC, e facendo referencia a un acordo da Xunta de Goberno, esta biblioteca deberá prestar servizo asemade ao Instituto Universitario de Ciencias da Saúde e á Escola Universitaria de Enfermería (centro adscrito á UDC).

- ❖ Facultade de Ciencias da Comunicación
  - Administración
  
- ❖ Facultade de Dereito
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Escola Universitaria de Deseño Industrial
  - Administración
  
- ❖ Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía
  - Administración
  - Clínica Universitaria de Podoloxía
  
- ❖ Escola Universitaria de Estudos Empresariais
  - Administración
  
- ❖ Facultade de Filoloxía
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Escola Universitaria de Fisioterapia
  - Administración
  
- ❖ Facultade de Humanidades
  - Administración
  
- ❖ Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Facultade de Informática
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
  - Administración
  - Biblioteca
  
- ❖ Escola Universitaria Politécnica
  - Administración
  - Biblioteca
  
  
- ❖ Escola Politécnica Superior
  - Administración
  - Biblioteca
  
  
- ❖ Escola Universitaria de Relacións Laborais

---

<sup>3</sup> Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Estudos Empresariais

- Administración
  
- ❖ Facultade de Socioloxía
  - Administración
  - Biblioteca<sup>4</sup>
  
- ❖ Instituto Universitario de Ciencias da Saúde
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga
- ❖ Instituto Universitario de Medio Ambiente
- ❖ Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Marítimos
- ❖ Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin
- ❖ Departamentos

## **V) ANÁLISE ECONÓMICA E METODOLOXÍA PARA A VALORACIÓN ECONÓMICA DOS POSTOS DE PAS FUNCIONARIO**

Para a valoración dos postos de persoal funcionario de administración e servizos utilizáronse as seguintes magnitudes:

- Soldo: contía fixada para o exercicio 2008 en función do grupo en que se clasifica o posto. Se un posto puidese ser desempeñado por persoal de diferentes grupos, a valoración empregaría o soldo do grupo de nivel máis alto.
- Complemento de destino en función do nivel para 2008.
- Complemento específico do posto para 2009, e complemento específico do posto a partires do 1 de xullo de 2010, segundo as táboas nº 2 e 3 respectivamente.
- Aplicación do acordo retributivo 2008-2010.
- Efecto do IPC galego (0,3784% do soldo e mais as retribucións complementarias)
- Custo da Seguridade Social: 25,2% das retribucións brutas.

Nas retribucións brutas inclúense:

- 12 pagas mensuais que inclúen o soldo, os complementos de destino e específico completos.

---

<sup>4</sup> Esta biblioteca dá servizo simultáneo a dous centros: Facultade de Socioloxía e Facultade de Ciencias da Comunicación



• 2 pagas extras que inclúen o soldo completo o 100% do complemento de destino e o 66% do complemento específico en xuño de 2009. A partir desta data inclúen o 100% do complemento específico.

• O importe derivado do efecto do devandito IPC galego.

Non se computa a antigüidade, xa que se trata dun concepto retributivos vinculado ás características do funcionario e non especificamente do posto.

A táboa nº 4 mostra a valoración dos diferentes postos de persoal funcionario para as condicións previstas en 2009.

Taboa nº 4

POSTO	NIVEL CD	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO	SOLDO	CD	CE	IPC FUNCIONARIOS	RETRIBUCIÓNS BRUTA:	COEF. SS	S.S.	CUSTO POSTO
ADMINISTRADOR/A	25	S	C	ABC	1.135,11	637,36	736,73	9,49	35.542,20	25,20%	8.956,64	44.498,84
POSTO BASE	16	N	C	CD	718,14	360,02	420,62	5,67	21.450,27	25,20%	5.405,47	26.855,74
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	N	C	C	718,14	406,18	435,91	5,90	22.308,63	25,20%	5.621,77	27.930,40
BIBLIOTECARIO/A	21	N	C	AB	1.135,11	488,48	471,61	7,93	29.814,41	25,20%	7.513,23	37.327,64
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	25	S	C	AB	1.135,11	637,36	736,73	9,49	35.542,20	25,20%	8.956,64	44.498,84
LETRADO/A ASESOR	29	S	LD	A	1.135,11	894,03	1.353,68	12,80	47.609,40	25,20%	9.296,08	56.905,48
POSTO BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS	16	N	C	CD	718,14	360,02	435,91	5,73	21.659,94	25,20%	5.458,31	27.118,25
SECRETARIO/A	21	S	LD	BC	963,37	488,48	471,61	7,28	27.400,95	25,20%	6.905,04	34.305,99
SECRETARIO/ ADMINISTRATIVO	18	N	C	CD	718,14	406,18	410,43	5,81	21.959,22	25,20%	5.533,72	27.492,95
SECRETARIO/ DE DECANATO	19	S	C	CD	718,14	429,29	430,81	5,97	22.563,46	25,20%	5.685,99	28.249,45
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	19	S	C	CD	718,14	429,29	430,81	5,97	22.563,46	25,20%	5.685,99	28.249,45
SECRETARIO/ DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	18	N	C	CD	718,14	406,18	430,81	5,88	22.238,69	25,20%	5.604,15	27.842,84
SERCRETARIO/ DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL	22	S	LD	BC	963,37	524,56	593,97	7,88	29.585,91	25,20%	7.455,65	37.041,55
SECRETARIO/A DO REITOR	22	S	LD	BC	963,37	524,56	593,97	7,88	29.585,91	25,20%	7.455,65	37.041,55
TÉCNICO/A DE ARQUIVO	21	N	C	AB	1.135,11	488,48	471,61	7,93	29.814,41	25,20%	7.513,23	37.327,64
VICEXERENTE	28	S	LD	AB	1.135,11	856,45	1.395,85	12,82	47.659,57	25,20%	9.296,08	56.955,65
XEFE/A DE NEGOCIADO	21	S	C	BC	963,37	488,48	471,61	7,28	27.400,95	25,20%	6.905,04	34.305,99
XEFE/A DE SECCIÓN	25	S	C	ABC	1.135,11	637,36	843,81	9,90	37.010,59	25,20%	9.326,67	46.337,26
XEFE/A DE SERVIZO	28	S	C	AB	1.135,11	856,45	1.170,11	11,96	44.564,00	25,20%	9.296,08	53.860,08

Respecto do custo a partires do 1 de xullo de 2010, a información proporciónala a táboa nº 5

POSTO	NIVEL CD	NIVEL CE	TIPO	PROVISIÓN	GRUPO	SOLDO	CD	CE	IPC FUNCIONARIOS	RETRIBUCIÓNS BRUTA	COEF. SS	S.S.	CUSTO POSTO
ADMINISTRADOR/A	25	25	S	C	ABC	1.135,11	637,36	818,32	9,80	36.952,49	25,20%	9.312,03	46.264,52
POSTO BASE	16	17	N	C	CD	718,14	360,02	420,62	5,67	21.606,50	25,20%	5.444,84	27.051,34
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	18	19	N	C	C	718,14	406,18	451,21	5,96	22.685,07	25,20%	5.716,64	28.401,70
BIBLIOTECARIO/A	21	21	N	C	AB	1.135,11	488,48	532,79	8,16	30.847,74	25,20%	7.773,63	38.621,37
DIRECTOR/A DE BIBLIOTECA	25	25	S	C	AB	1.135,11	637,36	818,32	9,80	36.952,49	25,20%	9.312,03	46.264,52
LETRADO/A ASESOR	29	30	S	LD	A	1.135,11	894,03	1.491,32	13,32	50.017,12	25,20%	9.296,08	59.313,20
POSTO BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS	16	19	N	C	CD	718,14	360,02	451,21	5,79	22.036,38	25,20%	5.553,17	27.589,55
SECRETARIO/A	21	21	S	LD	BC	963,37	488,48	532,79	7,51	28.434,28	25,20%	7.165,44	35.599,72
SECRETARIO/ ADMINISTRATIVO	18	18	N	C	CD	718,14	406,18	430,81	5,88	22.398,38	25,20%	5.644,39	28.042,78
SECRETARIO/ DE DECANATO	19	19	S	C	CD	718,14	429,29	451,21	6,05	23.009,83	25,20%	5.798,48	28.808,31
SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN	19	19	S	C	CD	718,14	429,29	451,21	6,05	23.009,83	25,20%	5.798,48	28.808,31
SECRETARIO/ DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	18	19	N	C	CD	718,14	406,18	451,21	5,96	22.685,07	25,20%	5.716,64	28.401,70
SECRETARIO/ DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL	22	22	S	LD	BC	963,37	524,56	593,97	7,88	29.801,07	25,20%	7.509,87	37.310,94
SECRETARIO/A DO REITOR	22	22	S	LD	BC	963,37	524,56	593,97	7,88	29.801,07	25,20%	7.509,87	37.310,94
TÉCNICO/A DE ARQUIVO	21	21	N	C	AB	1.135,11	488,48	532,79	8,16	30.847,74	25,20%	7.773,63	38.621,37
VICEXERENTE	28	30	S	LD	AB	1.135,11	856,45	1.660,00	13,82	51.859,47	25,20%	9.296,08	61.155,54
XEFE/A DE NEGOCIADO	21	21	S	C	BC	963,37	488,48	532,79	7,51	28.434,28	25,20%	7.165,44	35.599,72
XEFE/A DE SECCIÓN	25	26	S	C	ABC	1.135,11	637,36	920,28	10,19	38.385,33	25,20%	9.296,08	47.681,41
XEFE/A DE SERVIZO	28	29	S	C	AB	1.135,11	856,45	1.307,80	12,48	46.910,01	25,20%	9.296,08	56.206,09

## VI) POSTOS DE NOVA CREACIÓN

No marco dos obxectivos descritos no punto II), respectando escrupulosamente as previsións do Plan Estratéxico e as capacidades financeiras da UDC a nova RPT prevé 32 novos postos e a amortización de 1. O incremento neto representa, por tanto, o 7,47% . A relación nominal dos postos creados e a súa valoración figuran na táboa nº 6.

A valoración global dos postos creados coas condicións de complementos previstas para 2009 sería de 0,95 mill. € (0,98 mill. € en 2010) incluíndo o custe patronal da Seguridade Social, a isto descóntaselle o custo da praza que se amortiza, co que en termos netos resulta de 0,93 mill. €. Isto non se debe interpretar en ningún caso como o incremento do capítulo de gasto real de persoal (capítulo 1) xa que este dato é un valor teórico dado que as valoracións dos postos, cando estiver adscritos a varios grupos, fanse polo grupo superior. O gasto real considera o grupo de pertenza efectiva do funcionario. Así mesmo, a cobertura das vacantes xeradas por estas novas prazas non serán cubertas de xeito inmediato, se non progresivo ao longo da vixencia da RPT, en función dos concursos que a tal efecto se convoquen ou á urxencia, atendendo ás necesidades e ás disponibilidades orzamentarias, por medio de procedementos temporais debidamente regulados. Hai que ter en conta tamén o aforro que se producirá como consecuencia da importante redución de persoal por acumulación de tarefas.

Táboa nº 6

<b>Nº POSTO 2008</b>	<b>POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>VAC</b>	<b>NIVEL</b>	<b>COMP. ESPECIF. MENSUAL</b>	<b>T I P O</b>	<b>P R O V</b>	<b>GRUPO</b>	<b>CORPO/ ESCALA</b>	<b>QU EN DA</b>	<b>C A M P U S</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>	<b>CUSTO POSTO 2009</b>	<b>CUSTO POSTO 2010</b>
	<b>SECRETARÍA XERAL</b>													
	<b>Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo</b>													
22	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	Rexistro Xeral Maestranza/Elviña	26.855,74	27.051,34
23	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	Rexistro Xeral Maestranza/Elviña	26.855,74	27.051,34
	<b>VICERREITORÍA DE CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS</b>													
	<b>Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) E Centro Linguas</b>													
28	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E RELACIÓNS INTERNACIONAIS</b>													
	<b>Oficina de Relacións Internacionais (ORI)</b>													
48	POSTO BASE			16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
49	POSTO BASE			16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34

	<b>VICERREITORÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN</b>												
	<b>Gabinete de Comunicación e medios audiovisuais</b>												
52	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	26.855,74	27.051,34
	<b>VICERREITORÍA DE FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE EMPRESA</b>												
	<b>Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)</b>												
62	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	26.855,74	27.051,34
	<b>VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN AMBIENTAL</b>												
	<b>Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos</b>												
64	XEFE DE NEGOCIADO		V	21	471,61	S	C	BC			C	34.305,99	35.599,72
	<b>VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN</b>												
	<b>Servizo de Investigación</b>												
	SECCIÓN DE PROXECTOS E AXUDAS A INVESTIGADORES												
73	XEFE DE NEGOCIADO	Axudas a investigadores	V	21	471,61	S	C	BC			C	34.305,99	35.599,72
76	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	26.855,74	27.051,34
77	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C	26.855,74	27.051,34

	<b>Servizo de Biblioteca Universitaria</b>													
	SECCIÓN DE AUTOMATIZACIÓN E PROCESO TÉCNICO													
83	BIBLIOTECARIO		V	21	471,61	N	C	AB	FACULTATIVO/AXUDANTE		C		37.327,64	38.463,02
	SECCIÓN DE XESTIÓN DAS COLECCIÓN S													
90	BIBLIOTECARIO		V	21	471,61	N	C	AB	FACULTATIVO/AXUDANTE		C		37.327,64	38.463,02
	<b>Biblioteca do Campus de Esteiro</b>													
100	BIBLIOTECARIO		V	21	471,61	N	C	AB	FACULTATIVO/AXUDANTE	T	F		37.327,64	38.463,02
	<b>VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA</b>													
	<b>Servizo de Organización Académica</b>													
	SECCIÓN DE ESTUDOS DE GRAO													
112	XEFE DE NEGOCIADO	Coordinación de programas	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
123	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34



	<b>XERENCIA</b>													
	<b>Vicexerencia Campus da Coruña</b>													
139	ADMINISTRADOR	Centros e Servizos Externos	V	25	736,73	S	C	ABC			C		44.498,84	46.264,52
	<b>Servizo de Xestión Financeira</b>													
150	XEFE DE NEGOCIADO	Ingresos	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
	<b>Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social</b>													
	SECCIÓN DE RETRIBUCIÓNS E SEGURIDADE SOCIAL													
173	XEFE DE NEGOCIADO	Retribucións e Seguridade Social capítulo VI	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
	<b>Servizo de Persoal de Administración e Servizos</b>													
	SECCIÓN DE XESTIÓN DE PERSOAL													
180	XEFE DE NEGOCIADO	Xestión do Persoal e formación	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
	<b>ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA</b>													
	<b>Biblioteca</b>													
217	AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA		V	18	430,81	N	C	C	AUXILIAR	T	C		27.931,61	29.985,19

	<b>ETS. DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS</b>													
	<b>Administración</b>													
	NEGOCIADO DE ASUNTOS ECONÓMICOS													
233	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</b>													
	<b>Administración</b>													
252	XEFE DE NEGOCIADO	Asuntos Académicos	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
257	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>FACULDADE DE CIENCIAS DA SAÚDE</b>													
	<b>Administración</b>													
267	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</b>													
	<b>Administración</b>													
276	XEFE DE NEGOCIADO	Asuntos Académicos	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72

	<b>FACULTADE DE DEREITO</b>													
	<b>Administración</b>													
297	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>Biblioteca</b>													
304	AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA		V	18	430,81	N	C	C	AUXILIAR		C		27.931,61	29.985,19
	<b>ESCOLA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA</b>													
	<b>Administración</b>													
330	POSTO BASE		V	16	420,62	N	C	CD			C		26.855,74	27.051,34
	<b>FACULTADE DE INFORMÁTICA</b>													
	<b>Administración</b>													
348	XEFE DE NEGOCIADO	Asuntos Académicos	V	21	471,61	S	C	BC			C		34.305,99	35.599,72
	<b>ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA</b>													
	<b>Biblioteca</b>													
375	BIBLIOTECARIO		V	21	471,61	N	C	AB	FACULTATI VO/AXUDANTE	T	F		37.327,64	38.463,02

	<b>ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS</b>													
	<b>Administración</b>													
389	XEFE DE NEGOCIADO	Asuntos Económicos	V	21	471,61	S	C	BC			F		34.305,99	35.599,72

### RESUMO POR POSTO DE PRAZAS NOVAS

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUM. POSTOS NOVOS
ADMINISTRADOR DE CENTROS E SERVIZOS EXTERNOS	1
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	2
BIBLIOTECARIO	4
POSTO BASE	15
XEFE DE NEGOCIADO	10
<b>TOTAL</b>	<b>32</b>

**RPT 2008**

<b>POSTO</b>	<b>NÚMERO</b>
ADMINISTRADOR	22
AUXILIAR TÉCNICO DE BIBLIOTECA	42
BIBLIOTECARIO	38
DIRECTOR DE BIBLIOTECA	16
LETRADO ASESOR	1
POSTO BASE	130
POSTOS BASE RELACIÓNS INTERNACIONAIS	4
SECRETARIO	12
SECRETARIO ADMINISTRATIVO	44
SECRETARIO DE DECANATO	10
SECRETARIO DE DIRECCIÓN	12
SECRETARIO DE INSTITUTO UNIVERSITARIO	6
SECRETARIO DO PRESIDENTE DO CONSELLO	1
SECRETARIO DO REITOR	1
TÉCNICO DE ARQUIVO	2
VICEXERENTE	2
XEFE DE NEGOCIADO	67
XEFE DE SECCIÓN	24
XEFE DE SERVIZO	12
PERSOAL EVENTUAL	2
<b>TOTAL</b>	<b>448</b>